



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 17 DE

DECEMBRO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas e dez minutos do día dezasete de decembro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 3 e 10 de decembro de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 3 e 10 de decembro de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia.

- Escrito de don Xosé Ricardo Saavedra Castro, en calidade de representante do Espazo Ecosocialista Galego na comarca da Coruña/As Mariñas, rexistrado de entrada con data do día 12 de decembro de 2012 co número 16.832, ao que achega moción sobre sustentabilidade e adopción de criterios para combater o cambio climático.

- Convocatoria dirixida aos concellos e outras entidades locais interesadas na realización de proxectos de envellecemento activo para as persoas maiores ano 2013 da excma. Deputación

provincial da Coruña, Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais. (Boletín Oficial da Provincia número 239, de data do día 17 de decembro de 2012).

- Convocatoria de programas dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2013 da excma. Deputación provincial da Coruña, Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Promoción Económica. (Boletín Oficial da Provincia número 239, de data do día 17 de decembro de 2012).

- Convocatoria de programas de apoio á cultura e o deporte, dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2013 da excma. Deputación provincial da Coruña, Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes. (Boletín Oficial da Provincia número 239, de data do día 17 de decembro de 2012).

- Convocatoria de subvencións dirixida aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2013 da excma. Deputación provincial da Coruña, Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais. (Boletín Oficial da Provincia número 239, de data do día 17 de decembro de 2012).

- Convocatoria de subvencións dirixida aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2013 da excma. Deputación provincial da Coruña, Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais. (Boletín Oficial da Provincia número 239, de data do día 17 de decembro de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o luns rematou o prazo de inscrición para a viaxe á neve. Engade que se cubriu o 99% das prazas e o xoves día 20 haberá unha xuntanza no local da Xuventude para os efectos de informar aos participantes respecto do que se fará na citada viaxe.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación, don Fernando Caride Suárez informa respecto do cerramento da pista de skate, xa se fixeron as medicións e estará pechado a finais da vindeira semana, a fonte se comprou e se colocará pola brigada de obras.

En canto aos locais de ensaio, don Fernando Caride Suárez informa que a documentación solicitada polo departamento de Urbanismo xa está. Falta que Urbanismo redacte un informe para coñecer a quen se adxudica a obra.

A seguir, informa que o xoves tivo lugar unha reunión cos voluntarios da Casa da Xuventude da OMIX. Informouselles dos dereitos e dos deberes e entregouselles unha lista de tarefas que deben realizar. Coincidindo coas vacacións do Nadal, vaise comezar na Casa das Palmeras as actividades cos rapaces polas tardes, tales como fútbolín, para telos entretidos durante estas datas.

Tamén informa que a inscrición nas escolas deportivas municipais se desenvolve con bo ritmo.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que o contrato da conserxería e limpeza do campo de fútbol xa está en marcha.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que para o vindeiro pleno do día 27 de decembro se incluírá a aprobación da Conta Xeral.

A continuación informa que hoxe día 17 de decembro comeza o primeiro obradoiro de emprego no Centro de Formación con 25 alumnos e 6 docentes.

Tamén informa que se publicaron as bases da campaña do Nadal e hoxe se reparten os rascas. A campaña comeza o martes día 17 de decembro e remata o día 5 de xaneiro.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que ten que facer un pequeno proxecto para a casa da Arrigada, seguindo as instrucións do arquitecto.

A continuación, informa respecto das obras do Arume que rematan esta semana aínda que se certificarán na primeira semana do mes de xaneiro.

Seguidamente, informa que esta semana se licitará o proxecto de protección civil e o servizo de axuda no fogar.

Igualmente informa que non se puido contratar o SIGEM porque a secretaría levou a cabo o informe para modificar o ROM. Engade que esa non foi a prioridade que el estableceu, cre que dende a Alcaldía tampouco, e non lle parece ben pois con isto se está a retardar a actividade municipal, dando prioridade a un tema presentado pola oposición.

Para finalizar a súa intervención, don Felipe Andreu Barallobre informa que o xefe de Réxime Interior realizou un informe respecto a que, ao seu xuízo, se debe pagar aos funcionarios a parte proporcional da paga extraordinaria que vai dende o día 1 de xuño ao 15 de xullo. Engade que ese informe se fixo noutras administracións e dixeron que non. Continúa a dicir que a súa opinión é que non se debe pagar, e opina do mesmo xeito a interventora; por isto, enviará o informe á Secretaría de Estado das Administracións Públicas, Dirección Xeral da Función Pública.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que para este mércores estarán redactados os proxectos do POS 2013, incluíranse temas de iluminación, en función da auditoría que se fixo anteriormente; incluíranse 115.000 euros para aforro enerxético, 140.000 euros para pavimentación de camiños, sobre 350.000 euros para obras e o resto para gasto corrente. Para o POS complementario incluírán temas como substitución de tubos de abastecemento, ampliación e saneamento de pluviais no polígono industrial do Temple.

A continuación, don Manuel Marante Gómez informa que teñen as ofertas para o muro de contención entre Santa Maria de Vigo e A Veiga e, en canto ao desprendemento do río Mero, está pendente dunhas empresas para tratar de solucionalo, xa viñeron unhas para velo. Farao a Confederación Hidrográfica do Norte.

Para rematar, don Manuel Marante Gomez informa que se inaugurou a área recreativa do Paseo Marítimo, na parroquia do Temple.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que hoxe día 17 de decembro ditará unha resolución, na que se declara o paraguas en ruína.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación informa que se renovará o convenio que hai formalizado coa Universidade, para o tema de urbanismo en red.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que tanto a “operación quilo”, a cal se realiza a través do Voluntariado de Cambre, como a recollida de xoguetes que se fixo nos colexios, foron un éxito.

A continuación, informa que mañá se vai realizar o adorno da árbore do Nadal aquí no Concello, que se suspendou polo mal tempo.

Para finalizar, informa que o xoves entregaron no colexio de Sigrás o premio ganador do concurso de carteis e continuarán a facelo no resto dos colexios. Entregáselles un cheque, o cal poden gastar en material educativo, deportivo, escolar, xoguetes, etc. en tendas no municipio de Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.



Manuel Rivas Caridad



María Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G